



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA
30 DE NOVEMBRO DE 2023**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
OLGA IGLESIAS BEREJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia a Concelleira:
CARMELA PRIETO CAL

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 30 de novembro de 2023, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

O Sr. Alcalde da a benvida á sesión ordinaria do Pleno aos membros presentes da avogacía e a procura da quenda de oficio que asisten como público.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 27.09.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 27.09.2023.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 27.09.2023, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. EMENDA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA DE CATEGORÍAS INFERIORES, CIRCUÍTO NACIONAL DE VOLEI PRAIA E I CAMPUS DE VOLEI PRAIA VILA DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de novembro de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.11.2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EMENDA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA DE CATEGORÍAS INFERIORES, CIRCUÍTO NACIONAL DE VOLEI PRAIA E I CAMPUS DE VOLEI PRAIA VILA DE CEDEIRA

O Concello de Cedeira aposta pola práctica deportiva a través do aproveitamento de todos os recursos dispoñibles. Neste senso, son varias as accións levadas a cabo para a mellora das instalacións para a práctica de deporte nos últimos anos.

Dende hai tempo o Concello traballa no aproveitamento da súa praia máis urbana, a praia da Madalena, para a práctica de deportes na area. O ano pasado adquiríronse equipamentos para a práctica deportiva na praia como novas porterías para fútbol praia, un xogo de petanca ou un xogo de redes de voleibol. Tendo en conta estes aspectos, quérese impulsar a celebración de tres actividades deportivas relacionadas co voleibol praia na vila de Cedeira. Por unha parte, a celebración do Campionato galego de voleibol praia para categorías inferiores (alevín, infantil, cadete e sub-19) tanto masculinas como femininas, no que achegar este deporte á mocidade e facer de Cedeira unha sede deportiva. Tamén a execución do I Campus Volei praia Vila de Cedeira durante o verán, co fin de promover esta disciplina entre a xente máis nova, nunha actividade que mestura o adestramento e o entretemento, os hábitos de vida saudables e un espazo no que interactuar entre iguais. E por último, a acollida da proba do Circuito Nacional de Volei Praia (catalogado con dúas estrelas), na que competirán as mellores parellas do ámbito nacional.

Para levar a cabo estas tres actividades deportivas, propónse o uso das instalación da praia da Madalena. Trátase dun amplo areal con forma de enseada duns 1.300 metros de extensión. É unha praia urbana de area fina e augas tranquilas, moi ben protexida dos ventos. Nas inmediacións, atópase o paseo marítimo que recorre a praia, zonas de descanso e un parque infantil. Ademais de ser unha praia céntrica, conta con gran cantidade de equipamentos: servizo de socorrismo, duchas, baños, zona de aparcadoiro e servizos de aloxamento e restauración moi próximos. Así, a praia da Madalena convértese nun espazo idóneo para a acollida deste tipo de eventos deportivos, dada a súa situación inmejorable en plena vila; a súa extensión, que garante a delimitación dun bo espazo para a práctica de eventos de voleibol praia, sen necesidade de privar a praia do seu uso habitual; a súa accesibilidade para favorecer a presenza dun maior número de asistentes, asegurando eventos inclusivos, e a gran cantidade de equipamentos cos que conta, que farán máis cómoda a estadia deportiva e a organización destes eventos.



A calendarización das actividades é a seguinte:

Campionato Galego de Volei Praia de categorías inferiores: Na fin de semana do 29 e 30 de xullo Cedeira acollería unhas das probas do Campionato Galego de Volei praia, no que preto de 250 rapaces e rapazas das categorías alevín, infantil, cadete e sub-19 tratarán de seguir sumando puntos para a clasificación final. Así, en colaboración coa Federación Galega de Voleibol Praia, a vila podería ser o espazo ideal para desempeñar unha das probas do campionato.

Circuíto Nacional de Volei Praia (** estrelas): O Circuíto Nacional de Volei Playa está composto por unha serie de torneos que configuran a tempada de voleibol praia en España. As probas deste circuíto serven aos seus participantes para puntuar de cara á clasificación nacional. Cada unha das competicións que conforman o Circuíto están organizadas en probas de tres, dúas e unha estrela en función das infraestruturas, os premios, o número de participantes e os puntos que concedan na clasificación nacional a cada xogador/a. Todas as probas comezan cunha fase de grupos que determinará as parellas que clasifican a cuartos de final, para dar paso ás semifinais e á final da competición. Así, mediante a presente proposta, promóvese a organización dunha das probas que conforman o circuíto, catalogada con dúas estrelas. Nesta proba as parellas do ámbito nacional desprazaranse a Cedeira para intentar facerse coa vitoria e sumar puntos de cara a clasificación final.

I Campus de Volei Praia Vila de Cedeira: Os campus deportivos son instalacións deportivas que se desenvolven especialmente nos períodos de vacacións para un público normalmente escolar. Son unha gran oportunidade para descubrir e iniciarse nunha disciplina deportiva. Nestes combínase o ocio, o exercicio físico e o adestramento, para comezar a andaina nun deporte concreto. A través do I Campus Volei praia Vila de Cedeira achegarase o volei praia aos rapaces e rapazas comprendidas entre os 10 e os 16 anos interesados en descubrir esta disciplina deportiva. Alí dividiranse en grupos segundo o nivel deportivo e desfrutarán de adestramentos impartidos por profesionais cualificados con títulos oficiais da RFEVB.

O obxecto da presente memoria é xustificar as razóns de interese público de carácter deportivo, social e económico e a excepcionalidade e singularidade do evento a realizar.

O importe necesario para a execución deste proxecto é de 47.455,00 € (IVE incluído).

No pasado Pleno ordinario celebrado o 27/07/2023, acordouse solicitar a axuda económica á Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo estas actuacións, comprometéndose o Concello de Cedeira a aportar a cantidade de 7.500,00 €, sendo por conta da Deputación da Coruña o importe restante do proxecto.

Enviada a correspondente documentación requerida á Deputación da Coruña, comunican que a achega provincial desta subvención ascenderá a 29.000€ polo que, finalmente, o Concello de Cedeira deberá a comprometerse pola súa parte a aportar os 18.455€ restantes.

Polo exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar a axuda económica á Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo estas actuacións dacordo cos novos termos de financiación polo importe de 29.000€ (é dicir, un coeficiente de financiamento proposto do 61,11%) comprometéndose o Concello a aportar os 18.455€ restantes, no exercicio das competencias municipais de promoción do deporte e instalacións deportivas e ocupación do tempo de lecer, recoñecidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do



réxime local, mediante unha subvención nominativa, xa que a actividade obxecto da presente memoria, non se atopa incluída dentro de ningunha liña de subvencións das que conta a Deputación na actualidade e ás que o concello de Cedeira puidera acollerse, facendo constar o interese público provincial da solicitude da subvención.

SEGUNDO.- Declarar a excepcionalidade e singularidade da actividade descrita e a solicitude da subvención provincial.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Antes de nada, a todas as Concelleiras e Concelleiros que estamos aquí, a proposta do portavoz do Partido Popular, falado tamén co portavoz do BNG, decidimos, co beneplácito da señora Secretaria, que imos ler só as propostas de acordo. As propostas xa as temos todos e para non dilatarnos moito no tempo. Tampouco é tan necesario porque as temos todos, unicamente que haxa algunha moción que se queira ler, non hai ningún problema. Neste caso, a moción sobre a avogacía vana ler eles, pero en principio só imos ler os acordos, vale? Estamos todos de acordo e a min, particularmente, paréceme moi ben. Non sei se hai algunha intervención sobre este punto.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros, case que imos a cambiar o noso voto porque danos pena Cedeira. Danos pena polos seus veciños que están abandonados, canto nos gustaría que se trouxera aquí e se gastasen os cartos que se van a utilizar nesta actividade no servizo de axuda no fogar. En xaneiro de 2023 o ratio de atención do Concello de Cedeira era do 35%. Cedeira é o concello de Galicia que está nos primeiros lugares en que non se presta unha asistencia correcta no servizo de axuda no fogar. En xaneiro tan só 44 eran beneficiarios deste servizo e 81 estaban pendentes e xa valorados pola Xunta. A día de hoxe, xa valorados pola Xunta hai en Cedeira en torno a 94 persoas ás que por parte do Bloque e do PSOE non se lles presta ningunha atención. Nós cremos que se deben priorizar os servizos básicos en Cedeira. Neste asunto, o segundo punto di “declarar a excepcionalidade e singularidade”, iso no Concello de Cedeira debería ser unha norma habitual e debíase empezar a traballar na súa casa, en Cedeira. Parécenos ben que se celebren todo tipo de actividades deportivas, pero parécenos excesivo un gasto de 47.455 € nunha actividade que ós veciños de Cedeira non lles vai case nin lles ven.

O Sr. Rodríguez Arribe di: En efecto, 47.455 € se gastaron, IVE incluído. Temos que dicir que foron dúas semanas dunha actividade tremenda neste pobo, cunha cantidade enorme de asistentes ó volei, que grazas a iso se apuntaron cantidade de rapaces e rapazas para a actividade do volei no polideportivo, hai xente que está apuntada. A min paréceme bastante máis derroche dedicarlle 12.000 euros nos orzamentos da Xunta a Cedeira, 12.000 euros, 13.200 creo que son, iso paréceme máis derroche negativo. Iso de dicir que estamos abandonado á xente do servizo de atención no fogar e ós servizos de asuntos sociais é un pouco unha falacia porque nosoutros non valoramos a este tipo de persoas, é a Xunta quen o fai. Nós o único que facemos é atender o que nos din que temos que atender cos cartos que hai. E seguramente a miña compañeira, Manoli, que levou asuntos sociais noutras ocasións, si ela o considera e o permite o Alcalde pode dicir algo máis sobre o particular.

A Sra. López Rodríguez di: De feito, a que debería falar é Carmela, pero como por cuestións persoais non está, pois si, o que dixo Xosé é verdade. Nós non temos competencia no tema de dependencia, nós o único que facemos é pagar a parte proporcional dos casos nos que a Xunta valora. É verdade, ten toda a razón, está tardando o nunca visto. Sempre se tardou en vir valorar á xente e mandar a carta despois, pero é que agora é esaxerado, esaxerado a xente, e llo digo eu persoalmente que estouno vivindo na casa, e porque o sei. A culpa non é do Concello de Cedeira, eses cartos non se poden meter



en dependencia directamente, nós non temos competencia, servizos sociais dende o Concello non ten competencia, é da Xunta. Efectivamente, ten toda a razón, están tardando moitísimo en valorar, en dar a dependencia e as listas son esaxeradas, toda a razón do mundo, dende hai tempo e agora moito máis, dende a pandemia moitísimo máis, efectivamente.

O Sr. Cribeiro García di: Estes datos son certos, non son falacias, señor Xosé. En xaneiro deste ano 2023 estaban xa valoradas 81 persoas que o Concello de Cedeira non lles presta ese servizo. En xaneiro deste ano, só lle presta o servizo a 44 persoas. Na actualidade pregunte vostede, no próximo pleno, respóndame se hai en torno a 94 persoas xa valoradas pola Xunta de Galicia. Neste aspecto quería dicir que son datos fidedignos, Cedeira ten a día de hoxe 32.664 horas anuais asignadas do servizo de axudar no fogar, son 2.722 horas mensuais, polas que a Xunta pon a disposición do Concello 391.968 euros. A Xunta achega 12 euros por hora neste ano 2023, das horas mensuais asignadas, 2.311 son efectivamente prestadas e hai, a día de hoxe, 411 horas dispoñibles.

O Sr. Alcalde di: A día de hoxe, estás falando de xaneiro...

O Sr. Cribeiro García di: Non, a día de hoxe.

O Sr. Alcalde di: É que coma antes falabas de xaneiro... Vou intervir eu para pechar este punto. Primeiro, imos falar do tema do volei; o noso Concello ven de -como dixo o portavoz do BNG, Xosé- contribuír coa Deputación da Coruña no desenvolvemento dun torneo de volei a nivel nacional, con campamentos, incluso para os máis pequenos e agora tamén temos escola propia de voleibol no noso Concello. Co cal si que se conseguen moitas cousas: dúas semanas cos hoteis a tope, os restaurantes a tope, a xente comprando nos comercios e todo iso. O que si é unha pena é que a Deputación non nos dea todo o diñeiro que dixo que nos ía dar na primeira vez e teñamos que aportar un pouco máis de diñeiro, que esperemos que nolo compensen por outro lado. Iso si que é unha pena. Despois, que se pode investir en máis cousas? Si. Que o Concello de Cedeira dende o ano 2015 inviste un 500% máis en subvencións a entidades deportivas economicamente? Si, un 500% máis, con libre concorrência, é dicir, presentan uns proxectos, nada de subvencións a dedo, presentando proxectos que é moi importante, calquera Administración Pública o debe de facer. Infraestruturas? Estase mellorando a ampliación do ximnasio, vaise colocar o céspede do campo de fútbol, dotouse o campo de fútbol de bancos, de asentos nas gradas, de redes para balóns, un vestiario para o equipo feminino e máis para xogadoras do Cedeira que xogan e con outros equipos masculinos e que poidan elas cambiarse o máis inclusivo posible, e cambiouse o chan do Polideportivo, estanse facendo e vanse seguir facendo moitísimas infraestruturas. Se falamos de servizos sociais, despois de gastos de persoal, é o investimento máis grande no gasto que ten o Concello de Cedeira, ascende a 1.200.000 euros que son investimentos en servizos sociais. Os servizos sociais non é só a atención do servizo de axuda no fogar, senón que son moitísimas máis cousas. Sabemos que é competencia da Xunta de Galicia, non nos equivoquemos, non é unha competencia dos concellos, é unha competencia da Xunta de Galicia, o que pasa é que a Xunta de Galicia teno moi sinxelo, o que fai é que lle pasa ós concellos, lle da as horas que queira, o que pode facer máis doado é, 50.000? 50.000, preocúpate ti, e despois xa as paga a 12 euros/hora. Contrata ti persoal por 12 euros/hora. Quen está poñendo diñeiro son os concellos, encima con 25 empregadas que temos que son as que fan o servizo, 25 empregadas nun traballo durísimo onde hai que cubrir moitas baixas e onde se atenden a persoas dependentes, a persoas enfermas, a persoas que teñen moitísimas necesidades, e moitas veces non é tan doado cubrir todo iso. Entón, o que si que debemos é seguir insistíndolle á Xunta que nos dote de máis diñeiro, de máis recursos económicos porque as competencias impropias, coma esta, coma ter o servizo de limpeza no colexio, como ter un bedel no colexio, que aquí temos un pero hai outros concellos que poden ter a tres ou a catro, isto é o que non pode ser, que os concellos que non temos recursos ilimitados, senón limitados, nos sigamos encontrando con esta problemática. E creo que, como ben di Xosé, cando falando disto se nos veña a



dicir o que se inviste, se o meu partido estivera gobernando a Xunta de Galicia e só destinase 13.000 euros para o Concello de Cedeira para investimentos no ano 2023, daríame moito que pensar antes de dicir cousas sobre esta demagogia que son os servizos sociais. Nada máis, imos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse o uso da palabra á voceira da plataforma, permitíndolle intervir para explicar aos membros do Pleno a moción.

A voceira da plataforma di: Quero empezar agradecendo a todos os grupos que se nos brinde a posibilidade de intervir e o agradezo na miña condición de portavoz de Ferrol dos movementos Marea Negra e J2. Vou a explicar, a Marea Negra é pola cor das nosas togas e J2 significa jodidos, que é coma estamos. Son movementos que xorden en toda España como un clamor da avogacía e da procura pola dignidade da profesión e, en tal condición, como portavoz, agradezo o firme compromiso dos grupos ou do grupo que acolleu esta moción e dos que vaian a dar voto positivo á mesma porque nese momento, con ese voto positivo, estaredes facendo vosas as nosas xustas e lexítimas reivindicacións. Entendemos que o que pedimos no só é de xustiza, senón que ademais é urxente porque cando a xustiza chega tarde deixa de ser xusta e a avogacía e a procura levamos toda a nosa vida profesional loitando polos dereitos da cidadanía e sufrimos a indemnidade de non ter nin os dereitos máis básicos que se lle recoñecen a calquera traballador, porque nós non somos unha élite, nós non somos o que se ve nas películas, nós somos traballadores, e traballamos cada día para saír adiante como calquera gremio coa diferenza de que a nós non se nos respectan os dereitos máis elementais dos que ninguén pode sospeitar de que carecemos, pero é así, desgraciadamente. Somo a garantía do dereito á tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos e somos, polo tanto, garantes do Estado de dereito, e carecemos de dereitos. Pretenden agora ata negarnos o dereito a folga, unha folga indefinida a nivel estatal que iniciamos o pasado día 21 de novembro, e esa folga é un grito, é un basta xa, xamais imos a tolerar o maltrato que dende fai décadas vimos sufrindo pola Administración para a cal prestamos o noso servizo, un servizo esencial, traballamos por orde e para a Administración, no noso caso para a Xunta de Galicia, é dicir, traballamos para un terceiro que non cotiza nin cotizou xamais por nosoutros, e todos sabemos que é ilegal traballar sen cotizar e nós padecemos esa ilegalidade, da mesma maneira que é ilegal que un empregador non paga a totalidade do traballo que realizan os seus traballadores, pois ben, unha boa parte das nosas funcións non se remuneran, non se nos pagan a inmensa totalidade dos recursos que presentamos, non se nos pagan a maior parte dos procesos de execución, non se nos pagan as actuacións extra procesuais, non se nos pagan os desprazamentos, non se nos pagan a dispoñibilidade nas gardas e estamos de garda unha semana as vinte e catro horas do día, para prestar o servizo temos que usar nosos coches, nosos despachos, nosas bases de datos, nosos teléfonos, non temos dereito nin a enfermar, porque se iso ocorre e evidentemente como seres humanos que somos, somos vulnerables á enfermidade, non se nos paralizan prazos, non temos dereito ao descanso nin a desconexión dixital, se morre un familiar directo noso iso non é causa de suspensión nin de xuízo nin de prazos, xa non digo por enfermidade dun familiar aínda que sexan nosos pais o nosos fillos, non temos dereito a baixa por maternidade ni por paternidade, e o que se nos paga é unha absoluta indemnidade, o promedio de pago en Galicia é de 204 euros por asunto, os asuntos, cada asunto pode supor anos de traballo e o noso traballo non é menos digno que o dun médico, un mestre, o incluso que dalgún político, pero o que se nos abona está moi lonxe de supor un pago xusto en atención ao servizo



esencial que prestamos dende a máis absoluta preparación e profesionalidade, falamos dun servizo de calidade con profesionais en constante preparación, a cal ademais é obrigatoria, non para o avogado particular pero si para o avogado do turno de oficio e para o procurador do turno de oficio. É que a indignidade que sufrimos empeza polo nome xustiza gratuíta, lei de xustiza gratuíta, regulamento de xustiza gratuíta, alguén fala algunha vez de sanidade gratuíta o de educación gratuíta, non, se fala de sanidade e educación pública, pois así ten que ser tamén para a xustiza. Pero si que é certo, ó mellor está ben traído o nome de xustiza gratuíta porque para a Administración é gratuíta. Este servizo non se está sostendo en realidade con diñeiro público, se está sostendo co noso esforzo, coas nosas costas e incluso coas nosas cuotas colexiais, se está sostendo coa indignidade que sufrimos, nunca máis imos a consistir semellante explotación laboral e non o imos consentir polo respecto, que como traballadores merecemos, e polo respecto que os cidadáns merecen a ter un servizo público con todas as garantías e con todos os medios necesarios para cubrilo. O turno de oficio non pode ser sufragado polos profesionais e non o imos tolerar nunca máis. A Constitución que a nosa norma suprema, garante o dereito ás xubilacións dignas, o garante tamén Europa, e eu me pregunto que dignidade hai en que un avogado ou un procurador tras 38 o 40 anos de cotización nunha mutua, que é un sistema alternativo á Seguridade Social porque a lei o permite e en un principio nos obrigaban, cotizando durante todos estes anos cantidades iguais, similares ou incluso superiores ás do RETA, cobren menos de 400 euros de pensión? Quero dicirvos que nos están aboando unhas pensións de xubilación de 300, 350 e 400 euros, por debaixo, polo tanto, do que é unha pensión non contributiva. Iso é o que cobra un avogado, unha avogada, un procurador e unha procuradora despois de toda unha vida de traballo e despois de toda unha vida de cotización, e ademais é unha cantidade non actualizable en toda a súa vida como clase pasiva, se a pensión é de 300, 350 ou 400 euros, iso é o que imos a cobrar ata a nosa morte. Ata o ano 2012 non tiñamos nin sequera sanidade pública, tiñamos que contratar e pagar sanidade privada, non temos pensión por incapacidade permanente total, non temos viuvez, non temos orfandade, non temos medicamentos gratuítos ao xubilarnos, e as nosas IT, as nosas baixas, ao longo deses 40 anos de exercicio só pode ser de 365 días en toda a nosa vida profesional, se enfermamos máis de 365 días en 40 anos de servizo, directamente non temos cobertura e se a nosa enfermidade é mental eses 365 días pasan a ser 60 días en toda a nosa vida. Vos pregunto, coñecemos algún colectivo que sufra semellante indignidade? Entendo que a resposta é un non rotundo. O que estamos pedindo é levar nosos fondos e, por suposto, o beneficio xerado na mutualidade da RETA e cambialo por tempo de cotización, é dicir, non pedimos nada a cargo de ningún traballador, non pedimos prebendas, non pedimos privilexios de ningún tipo, cando ademais xamais causamos un gasto á Seguridade social por todos estes anos cotizados, e simplemente require unha modificación legislativa que ademais non é nova, a título de exemplo xa se fixo fai uns anos cos notarios, por poñer un exemplo próximo a nosa profesión. A nosa norma suprema, a Constitución, esixe, non recomenda, esixe xubilacións dignas, a normativa europea tamén o esixe, e preguntovos novamente, hai algo de dignidade no que os estou manifestando? Creo que a resposta novamente é un non rotundo. E para terminar, dicirvos que este é un movemento que é imparabile pola dignidade dos profesionais da avogacía e a procura. Fomos submisos, servís, non contamos ademais co apoio dos nosos representantes xamais, todo o contrario, tratando de poñer paus nas rodas constantemente, pero o certo é que xa non nos fai falta ese apoio porque a avogacía e a procura de base está, por fin, esperta e de pe, unida, firme e valente. Estamos unidos en toda España. Somos hoxe o despacho máis grande do mundo e temos ós mellores, ós que de verdade dan dignidade ás nosas togas, loitando cada día en estrados non encima de moquetas. E, coma sempre digo e repito en todos os concellos, este é o pleito da nosa vida e ímolo gañar porque é de xustiza e porque a dignidade e a razón nos asisten, e ademais porque hoxe contamos co voso apoio. Moitas grazas.

Aberto o turno de intervencións o Sr. Cribeiro García di: Boas tardes e benvidos. A que falou foi Juana?

A voceira da plataforma di: Non, son Ana Rosa.



O Sr. Cribeiro García di: Ana Rosa, é que quen a presenta é Juana.

A voceira da plataforma di: Si, foi Juana.

O Sr. Cribeiro García di: Ana e a todos os compañeiros aquí presentes, o noso grupo político na Comisión de Plenos votou a favor de incluír esta moción na orde do día neste Pleno ordinario. Nós felicitámola por poder incluír nun Pleno do concello de Cedeira esta moción, lamentamos que tanto o BNG de Cedeira como o PSOE de Cedeira non tivesen a mesma consideración, que a vostedes, que ós Concelleiros do Partido Popular non se nos permita expresar libremente e debater unha moción que presentamos tamén na Comisión de Plenos como grupo político para que se nos permita a utilización dun local municipal tal como recolle a lei vixente. Posiblemente non se acorde de min, hai un compañeiro voso que non lembro o nome, creo que coincidín con el en Santiago durante os meus estudos de medicina. Eu sei o que é a dificultade en formarse no eido económico por parte das familias e mentalmente tamén. Hai unha cousa aquí que, como funcionario tamén, creo que deberíades de omitir, falades das prestacións económicas e no voso texto dicides “tampouco son relevantes”, eu creo que este tipo de actitudes en plan submisiva de que a economía e o que se vos paga non é relevante, creo que si é moi relevante. Deberíades incidir nese tema porque vosoutros, como calquera profesional, tedes unha remuneración e unha profesionalidade, que nosoutros cremos que como traballadores que sodes debedes de ter unha remuneración digna e acorde coa vosa titulación e a vosa formación, por iso nosoutros imos apoiar esta moción.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Antes de falar desta moción, vou dicir ó Sr. Cribeiro que eu e os meus compañeiros que estamos no grupo de goberno non temos despacho tampouco, por iso non se pode votar que vostedes teñan un despacho nos locais municipais porque non existen. Están os funcionarios públicos moi estreitos e traballando e nós vimos aquí ó local de todos, poden vir vostedes aquí tamén e facer as cousas que teñan que facer. E agora deixo iso aparte, e quero felicitar a dignidade coa que veu hoxe sentarse aquí a falar. Sanidade pública, Asistencia social, Educación, e agora fixéstesnos ver, Xustiza para todos, que é algo que estaba -como dicías moi ben- absolutamente esquecido porque só nos lembramos de xustiza cando temos un problema. Sempre nos pasa o mesmo. Échese moito a boca dicindo que as sociedades avanzadas teñen todas estas cousas que darlle ó pobo, ós cidadáns, pois iso, a Sanidade, a Sanidade pública que os nosos fillos, os nosos netos poidan ir á escola dun xeito gratuíto e poidan aprender de todo, non soamente ir a colexios especializados e caros. Sabemos, eu sei persoalmente porque estiven moitas veces nos xulgados, afortunadamente unicamente defendendo informes como perito, estiven moitas veces alí e sei da profesionalidade de todos os técnicos que estades, tanto procuradores como avogados, defendendo a xente que non pode facer outra cousa. É moi fácil con cartos ir a un defensor privado, moi fácil, tendo cartos ata se pode traer aquí a calquera outro. Admirovos, porque sei como sodes, dígo de verdade porque sei como sodes, e agradézoo moito. O noso grupo vai votar, por suposto que si, a vosa demanda e estaremos sempre detrás de vosoutros. Moitísimas grazas ademais.

O Sr. Alcalde di: Dáme un pouco de pena que se emborrone todo isto falando dunha moción que se presentou na Comisión Informativa. Xosé fixo un comentario, eu vou comentar algo máis, xa que se comentou vouno dicir; os grupos políticos en Cedeira reciben unha compensación económica por Concelleiro e máis por partido para alugar un local, así o ten alugado o BNG e así o ten alugado o PSOE. O Partido Popular quere o diñeiro e o local, cando non hai locais, o que está demostrando, no seu momento se votou e se aprobou por todos os partidos que conformaban a corporación, se aprobou iso porque non había locais, e como non hai locais non se poden conceder, e hai moitísimas asociacións en Cedeira que non teñen locais e nos temos un diñeiro que nos aporta o Concello que vai para os locais, para iso son, para iso votamos en contra non sei se falou. Comparto un pouquiño as palabras de



todos, sobre todo as de Xosé e sobre todo a miña admiración polo traballo que facedes, por ese traballo que dades a moitísimas persoas que sen recursos teñen ese dereito a acceder a avogacía, a poder ter unha defensa xurídica e unhas condicións enormemente gratificantes, iso é o que se ten que poñer en valor, iso poñédelo en valor porque dignificades a profesión vosa todos os días, claro que tedes que ter os vosos dereitos, que lendo un pouco a moción e vendo agora o argumentario quedome bastante sorprendido, así estas accións públicas se deben de vincular a cada un de vos, cara a este sector como outros, porque tanta importancia ten a ensinanza pública, coma a sanidade pública, como os servizos sociais públicos, por suposto como a avogacía pública, que sexa tamén recoñecida, teredes o noso apoio e que sexa un apoio de todos os partidos que formamos a corporación porque somos ao final os que representamos a todas e todos os veciños que ten Cedeira, así que moitísimas grazas de verdade.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción presentada por D^a Verónica Luaces Meizoso en data 06.10.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Plenos realizada o 27.11.2023, que se transcribe de seguido:

“MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS

A plataforma Marea Negra Galicia e o Movemento #J2, a través dun/dunha dos/as seus/súas voceiros/as en Ferrolterra, Juana Tenreiro Blanco, con DNI nº 76.409.348-J, diante deste Concello, presentan Moción a fin de que se faga chegar a tódolos grupos políticos con representación no Pleno Municipal, aos efectos de que se así o consideran, fagan súa a presente **MOCIÓN**, nos termos que se deixan expostos, elevándoa ao Pleno para o seu debate e no seu caso aprobación, ao afeito da normativa aplicable, moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quenda de Oficio, formada por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantir, un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos/as. O acceso á xustiza por parte de todos os cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados/as, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos/as usuarios/as, estimándose que un 82% deles valoranno positivamente.

Somos profesionais con vocación de servizo público, prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se teña cotizado xamais polo tempo adicado, a un servizo prestado, os 365 días do ano, sempre con dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. E por iso, resulta imprescindible que se nos recoñezan, os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos/as cidadáns.

Poren atopámonos diante dunhas profesións nas que, tradicionalmente, asúmese por parte dos/as cidadáns, que son ben remuneradas; a situación real é moi lonxana da imaxe social que se proxecta, xa que a avogacía e a procura, carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquer outro/a traballador/ra. As reclamacións do colectivo, non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.



Na quenda de oficio non temos días libres, non temos dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dun familiar directo. Non existe norma que estableza, os nosos dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesuais. Non temos dereito á conciliación familiar, laboral ni persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso. Todo isto estamolo a reivindicar.

Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran, que o servizo adoita resultar deficitario para os profesionais que o prestan. Aboanse cantidades irrisorias (20 euros por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo) ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros.... son asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non existe (pago o/a profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuita, son empregados dos colexios profesionais (pagados coas cuotas aboadas por estes), os impresos, papel e copias, pagaas, o/a profesional e, para rematar, pero especialmente importante: os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto(nin se cotizan á Seguridade Social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).

O/A profesional da avogacía e da procura, adscrito ou non á quenda de oficio, non ten dereito á xubilación. Vese obrigado/a a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións, teñen unhas contías na maior parte dos casos inferiores, ás da dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o ano 1995 estes profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores/ras autónomos/as ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe, así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para os/as avogados/as cotizantes na Mutualidad General de la Abogacía, que todo o aportado queda atrapado nesa entidade privada.

Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación ás mesmas para os/as novos/as profesionais, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidad de la Abogacía, a que establecía as tablas de cotización de cada mutualista. Pero no momento da efectiva xubilación en ningún caso estanse aboando as pensións prometidas, xa que na maior parte dos casos, son inferiores a 500 euros, é aínda por riba non actualizables. Esa cantidade mensual é a que cobraremos ao longo de toda a nosa vida, manifestándosenos agora ademáis, que os nosos fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas lexislativas, o que era un plan alternativo de xubilación, pasou a ser un plan de pensións individual, moi alonxado do prometido, con pensións vitalicias ridículas, sempre inferiores, ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente voltan a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente loubado e incentivado e, finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os/as profesionais constatan que os seus/súas compañeiros/ras máis vellos/as non se poden xubilar, e que as estimacións dos que son máis novos, poidan facelo, son cada vez máis irrealis.

Non solicitamos ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos/as contribuintes ou do resto de traballadores/ras. Interesamos que se nos permita trasladar o noso diñeiro que temos retidos nas entidades privadas mutuais, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día, con notarios e corredores de comercio. Pretendemos que se nos trate do mesmo xeito que ao resto de traballadores/ras, rematando cun problema social, que non debe seguir sendo obviado,



nin ocultado, nin parcheado, senón que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.

Por todo o exposto e co fin de avanzar nas solucións destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración da totalidade das actuacións realizadas polos/as profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, digna, suficiente e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza Gratuita.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico da Avogaciae da Procuraduría da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos a conciliación, desconexión e descanso, así como os efectos do tempo traballado, en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores/ras.

3.- Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura, que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA. Debese garantir a todos os profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación mínima e digna, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores/ras.

4.- Trasladar estos acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.”

4. MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSOE E BNG RELATIVA Á LENTITUDE DA XUNTA DE GALICIA NA TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS PARA LEVAR A CABO MELLORAS E INVESTIMENTOS NA REDE VIARIA PROVINCIAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de novembro de 2023, que di:

“Vista a Moción dos grupos municipais do PSOE e BNG de data 24.11.2023, que di:

“MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSOE E BNG RELATIVA Á LENTITUDE DA XUNTA DE GALICIA NA TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS PARA LEVAR A CABO MELLORAS E INVESTIMENTOS NA REDE VIARIA PROVINCIAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



A rede viaria provincial conta con máis de 400 estradas que dan servizo aos 1.120.000 habitantes dos 93 Concellos da Provincia.

Para o Goberno Provincial é prioritario a conservación e a mellora dos máis de 2.050 quilómetros de estradas que conforman a Rede Viaria Provincial.

O esforzo inductor levado a cabo por este goberno provincial no mandato comprendido entre os anos 2019 e 2023 ascendeu a 173.944.445,75 euros, concretamente destináronse 114.124.280,98 euros a gastos de conservación e mantemento destas estradas e 59.820.164,77 euros correspóndense con gastos de investimentos para a mellora da Rede Viaria Provincial.

Para poder levar a cabo as distintas actuacións de obras e investimentos nas estradas provinciais temos que contar cos pertinentes permisos sectoriais das administracións que teñen algún tipo de afección sobre as vías de titularidade provincial.

A Deputación Provincial da Coruña, ao igual que lles está a suceder aos 93 concellos da provincia, está a sufrir un importante atraso na xestión e na execución dos distintos Plans de Infraestruturas Viarias, demora motivada pola lentitude da Administración da Xunta de Galicia á hora de tramitar as autorizacións sectoriais que dende esta deputación se están a solicitar para levar a cabo as melloras proxectadas.

A día de hoxe hai sete actuacións aprobadas que están paralizadas debido a que non se contan coas autorizacións solicitadas.

Pódese constatar como o 80% das autorizacións tramitadas ante Augas de Galicia están a tardar unha media de 409 días.

Esta tardanza non é exclusiva de Augas de Galicia e tamén pódese corroborar que outros organismos dependentes da Xunta de Galicia seguen o mesmo “modus operandi”. Temos os exemplos de Patrimonio Cultural, que se novamente temos en conta o percentil do 80%, está a tardar unha media de 226 días, sendo esta media no caso da Axencia Galega de Infraestruturas de 178 días e no caso de Medio Ambiente de 453 días.

Outra casuística que se está a dar e que está a contribuír de forma directa na tardanza na resolución das autorizacións sectoriais é a demora que sufrimos en recibir un documento tan sinxelo como son as liquidacións das taxas, que nalgúns casos chegan a demorarse en ata dous meses dende que presentamos a solicitude ata que se recibe o requirimento de pagamento destas.

En resumo, a veciñanza dos 93 Concellos da Provincia da Coruña non pode permitirse seguir a padecer atrasos nas melloras das infraestruturas xa comprometidas por esta deputación debido á tardanza doutras administracións, polo que, **os Grupos Municipais do PSOE e do BNG propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

1º.- Instar a Xunta de Galicia a que axilice a tramitación dos permisos sectoriais por parte das consellarías responsables a un máximo de dous meses.

2º.- Dar traslado desta moción e dos seus acordos á Presidencia da Xunta de Galicia; á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade; á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e á Mesa do Parlamento de Galicia.”



A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSDG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Cribeiro García di: os procedementos de autorización sectoriais están regrados pola normativa correspondente, que loxicamente inclúe prazos, o principal obxectivo é que os procedementos sexan garantistas, que é o que pretende o PSOE e o BNG con esta iniciativa? eliminar as informacións públicas, e limitar e impedir que os afectados por expropiacións presenten alegacións, por poñer un exemplo, así por exemplo a lei 8/2013 de estradas sinala que o expediente dunha autorización debe resolverse nun prazo de 6 meses e que se non se resolve enténdese que é negativo. Hai que subliñar que na propia moción estase a recoñecer que neste ámbito estase a cumprir o prazo fixado, hai que ter presente tamén que en moitos casos a calidade da documentación que se presenta non é axeitada ou é insuficiente polo que o servizo provincial de estradas fai un requirimento de corrección o que interrompe o prazo de 6 meses indicado. Por botar man dun exemplo que estivo de actualidade recentemente, o Ministerio de Transporte solicitou autorización a Augas de Galicia para retranquear o río Ladrón no marco das obras de construción da A-54, sen facer fincapé en que as obras desta autovía que acumula anos de atraso se iniciaron en 2018 pero o goberno central pediu esa autorización en abril deste ano, indicar que a Xunta tardou 134 días naturais en resolver a petición aínda que o prazo legal para facelo é de 6 meses. Esta tramitación realizouse en tempo récord e por iso pese a tratarse dunha tramitación moi complexa analizouse a documentación presentada e requiriuse información complementaria, pediuse informe o servizo de Patrimonio Natural, someteuse a información pública para garantir a publicidade e a transparencia do procedemento administrativo en atención a identidade das obras e ante a posibilidade que os dereitos de terceiros non localizados se viran afectados emitíuse informe favorable e concedeuse autorización, polo xeral tanto o que incumbe as autorizacións da Xunta coma de Augas de Galicia os informes e autorizacións emítense baixo o prazo legal establecido. Señores do PSOE e do BNG o que resulta sorprendente é que na iniciativa que vostedes presentan non se faga mención especial a permisos dependentes doutras administracións, como é o goberno central e nomeadamente a Dirección Xeral de Costa e o Mar. Un exemplo claro e reiterado da demora da que son obxecto os permisos que dependen da súa competencia e que se traduce en anos de atraso na execución de obras importantes para o saneamento e conservación das rías galegas e que incluso poñen en perigo o aproveitamento de fondos europeos. Neste senso a provincia de A Coruña ten a sorte de non depender da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, hai procedementos que son extremadamente complexos que seguen un procedemento perfectamente pautado polo que pedir que todos os procedementos, sexa o caso, se restrinxan a 2 meses, é absurdo coma proposta de partido. Os permisos sectoriais do que é o ámbito de competencias da Xunta de Galicia se refire, están regulados. Estes días comentando con un grupo de homes e mulleres de Cedeira acerca das mocións que ían a Pleno e constando que o grupo unido do BNG e o PSOE de Cedeira non admitían unha moción acerca do uso dun local por parte do PP de Cedeira, que nosoutros non queremos os cartos que nos dan, e si admitían esta moción, vou a darlle a resposta dunha muller que participaba en dito encontro, resposta que os concelleiros do PP de Cedeira facemos nosas, díciame esta muller, está o goberno de Moreda e Rodríguez para esixir e dar leccións coa falta de dilixencia na tramitación dos correspondentes permisos do Concello que causa máis dano e prexuízo diariamente ós veciños e ás empresas, e remataba ela, o que hai que ver, finalmente, a nosa moción é rexeitala.

O Sr. Rodríguez Arribe di: nos imos a apoiar evidentemente esta moción e recordarlle o Sr. Cribeiro que na administración o que non está escrito non existe, e se vostede escribe iso non é unha cousa oficial, díxollo unha persoa, eu podería contarlle unha cantidade de cousas que escoito pola rúa e non o vou facer, eu veño aquí con argumentos e vostede seguramente ten os seus, pero é que dixó unha señora, é que unha vez non sei que tal, iso non é un argumento Sr. Cribeiro, non me parece francamente de recibo unha persoa da súa categoría que nos veña dicir iso aquí. Admitimos todas as opinións da xente, e o falar que ese xente, esa persoa nos diga a calquera dos concelleiros que estamos aquí no



grupo de goberno que se nos critique porque non, non facemos todo perfecto, evidentemente, faltaría máis, pero intentamos facer as cousas o mellor posible, non nos asusta que a xente nos critique por feito cousas malas, pero disque, disque, disque, iso para nosoutros non é nada, síntoo moito. Imos apoiar a moción por suposto e nada máis.

O Sr. Cribeiro García di: son unhas palabras dunha veciña de Cedeira que di que a falta de dilixencia na tramitación dos correspondentes permisos do Concello de Cedeira causa danos e prexuízos diariamente ós veciños e ás empresas, esa é unha afirmación na que nós si estamos de acordo.

O Sr. Alcalde di: vou intentar ser breve, estou de acordo con esta moción, por suposto, estou de acordo con que todas as administracións sexan o máis dilixentes posibles, o Concello, a Deputación, a administración, o Estado, a Xunta, e todo iso, unha moción onde di instar a Xunta que axilice a tramitación dos permisos sectoriais por parte das consellerías responsables nun prazo máximo de 2 meses, non creo que sexa aquí tampouco a frase que nos vaia determinar ou vaianos a noquear, o que si que me parece un pouco fóra de lugar, e o digo Cribeiro con todo o respecto, é que vostede fale de que nalgún caso hai requirimentos e todo iso, claro que hai requirimentos, por suposto que hai requirimentos, o que necesitan as administracións e ter recursos, ter persoal que poida informar, como vostede seguramente no seu traballo, cantos máis sexan, menos pacientes igual hai que atender, podíalles dedicar máis tempo, máis mestres nas aulas, o sistema está feito así, non se cambia, é o que hai, pero iso nos pasa aquí, os requirimentos tamén os ten o Concello, que vostede agora veña coa opinión dunha persoa, que non defenda o Concello cando está nas comisións de seguimento de urbanismo, nas comisións informativas de urbanismo que de cada 15 días os procedementos administrativos que saen do Concello cos días de celeridade que saen, porque é moi fácil criticar cando un concello informa nunha semana e a persoa tarda 4 meses que igual tamén o fai a Xunta, vostede mesmo o dixo tamén. hai requirimentos da Xunta, eu estou totalmente de acordo, a Xunta fai requirimentos e a Deputación tamén fai requirimentos, e oxalá a Deputación, a Xunta, o Concello de Cedeira e o Estado, sexamos moito máis áxiles cando todo estea no seu estado correcto porque moitas veces non somos capaces de informar, que é o caso que lle está pasando a Xunta e a Deputación, non teñen recursos suficientes para informar, non é pola capacidade dos técnicos que informan, é que non hai recursos suficientes, é como, aquí hai mestres, vostede é medico, pasaralle nas consultas, pasaravos nas aulas, é o que hai o sistema está feito así e mentres non teñamos máis recursos, pois non teremos outra lóxica, e neste caso esta moción vai nese senso, que se dote, que se intente dotar ás administracións, porque eu persoalmente coñezo quen fai os informes na consellería de infraestruturas da provincia da Coruña, e que están dúas persoas, dúas persoas, e que non é culpa delas, elas farano o mellor posible, están dúas persoas pois claro unha autorización tarda meses, é o sistema, neste caso non é culpa do político que está por riba da Xunta nin do que está por riba da Deputación, nin do que está por riba do Concello, nin dos técnicos, os técnicos fan o seu traballo o mellor posible, se están xogando o seu propio traballo, senón que é do sistema, de ter máis recursos, esta é a miña opinión. Por suposto que nos imos votar a favor, coma se fora instar á Deputación ou fora instar a quen fose sen máis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MOCIÓN DO BNG RELATIVO AO APOIO E POPULARIZACIÓN DA BANDEIRA GALEGA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de novembro de 2023, que di:



“Vista a Moción presentada polo portavoz do grupo municipal do BNG en data 10.11.2023, que di:

“Moción do BNG relativo ao apoio e popularización da Bandeira Galega

José Antonio Rodríguez Arribe, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de CEDEIRA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Con motivo da posta en marcha pola Asociación Vía Galega dunha campaña de popularización da Bandeira Galega xa dende o ano 2022 coa vista posta neste 2023 en que se cumpren 105 anos da Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala, na que solicitaban que se colocara un mastro coa bandeira galega nun lugar senlleiro do noso termo municipal

ACORDO:

Por todo o exposto, dende o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitamos que a Bandeira Galega sexa colocada na baranda central do primeiro andar do Palacete municipal, contribuíndo así a divulgar un dos nosos símbolos nacionais, que nos identifica e reconece como pobo.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e poñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rodríguez Arribe di: isto é unha iniciativa dunha organización civil que non ten nada que ver coa política, aínda que evidentemente hai políticos dentro como hai outro tipo de profesionais que se chama Vía Galega, que están conmemorando o 105 aniversario das Irmandades da Fala que son as que deron orixe os movementos galeguistas no século pasado, xa hai dúos séculos case, estou falando de Castelao, Suárez Picallo, de todos estes que decidiron un día facer as Irmandades da Fala que empezaron precisamente, Ferrol foi moi importante nas Irmandades da Fala, e Ourense, Vigo e Coruña, foi onde empezou todo o movemento. Este ano o día 25 de xullo o adicamos á lectura de certas historias sobre as Irmandades da Fala aquí o acto do día, para uns día de Galicia, para outros día nacional e para outros día da patria galega, entón isto ten unicamente un sentimento de sentirmonos galegos, de poder poñer a bandeira, evidentemente a bandeira oficial que existe, non se trata de poñer a nosa, se trata de poñer a bandeira de todos, que nos pode englobar a todos, é un sitio senlleiro para celebrar este 105 aniversario das Irmandades da Fala en Galicia.

O Sr. Cribeiro García di: nós como galeguistas estamos de acordo en que se faga todo o posible por divulgar un dos símbolos de Galicia, que é a bandeira, o que si cremos e deberiamos de solicitar e solicitamos por parte da secretaría do concello se informe acerca da colocación de bandeiras en edificios municipais, xa que este é un tema que está regulado por unha norma de ámbito autonómico ou estatal. A maiores desta moción, nós propoñemos a instalación de catro mastros na zona axardinada que da ó mar da Praza Roxa, que contribúan a divulgar os nosos símbolos locais, os nosos símbolos autonómicos, os nosos símbolos estatais, e os nosos símbolos europeos. Mastros de gran altura, 25 metros, que inclúan a bandeira de Cedeira, a bandeira de Galicia, a bandeira de España, e a bandeira europea, que son símbolos de liberdade e unión entre todos os europeos democráticos, pero imos a votar a favor da moción.



O Sr. Rodríguez Arribe di: Grazas, eu remítome a moción, nosoutros non imos votar iso, imos votar a moción.

O Sr. Alcalde di: En Cedeira está representado o Estado Español e Galicia nas bandeiras que dotan aos edificios, comparto que nos edificios oficiais teñen que estar o mesmo que están os cadros do Rei de España, e nós tamén imos a apoiar a moción do BNG neste caso.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	ASUNTO
00466/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE REDACCIÓN DO PROXECTO TECNICO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA PISCINA MUNICIPAL
00467/2023	APROBACIÓN CERTIF. NÚM. 2 DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00468/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029794 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00469/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00470/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON BENIGNO MANUEL ROMERO VILELA EN SUBSTITUCION DE DON VICTOR ANDRÉS VILLAR SUAREZ DE BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
00471/2023	SUBMINISTRO DE MÁQUINA DE CORTE DE PAVIMENTO CON MESA E RODAS
00472/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00473/2023	NÓMINA SETEMBRO DE 2023
00474/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E MEDICAMENTOS)
00475/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE MAN DE OBRA PARA ACONDICIONAR O ESPAZO DE LAVANDERÍA DO CAMPO DE FÚTBOL
00476/2023	CONTRATACIÓN DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15.2 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES
00477/2023	PAGO SANCIÓN AUGAS DE GALICIA POR VERTIDO AUGAS RESIDUAIS EN SAN ANDRÉS
00478/2023	DEVOLUCION CUOTAS ACTIVIDADES EN POLIDEPORTIVO CURSO 2022-2023
00479/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029847 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00480/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/47
00481/2023	ACTA DO XURADO DO IX CERTAME DE PINTURA RÁPIDA VILA DE CEDEIRA
00482/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA



00483/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA
00484/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA
00485/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA
00486/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA
00487/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA
00488/2023	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN POR PARTE DO VOCEIRO DO P.P, D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA (REX ENTRADA 3212)
00489/2023	NOMEAMENTO DE DON MANUEL JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ COMO FUNCIONARIO INTERINO SUBALTERNO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS.
00490/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MAN DE OBRA PARA ACONDICIONAR O ESPAZO DE LAVANDERÍA DO CAMPO DE FÚTBOL
00491/2023	SOLICITUDE COPIA DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN LUGAR FRAGOSO - SAN ROMAN - LICENCIA Nº26-E/09
00492/2023	DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA CONCELLEIRA MARIA JOSÉ PERNAS DÍAZ PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL
00493/2023	REINGRESO Ó SERVIZO ACTIVO DE DON FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA OCUPAR PROVISIONALMENTE A PRAZA DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO 15022AD-04.
00494/2023	LICENZA NÚM. 202301 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO
00495/2023	SOLICITUDE DE ACCESO E COPIA DE PLANOS DE EDIFICIO SAN ANDRÉS. EXPTE OBRAS 228/91 E COMPLEMENTARIO 157/96
00496/2023	APROBACIÓN MODELO AUTOLIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES SOCIO CULTURALS
00497/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00498/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SETEMBRO DE 2023
00499/2023	NOMEAMENTO DE DON SERGIO QUINTÍA MANTEIGA COMO FUNCIONARIO ADMINISTRATIVO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DURANTE TRES MESES COA POSIBILIDADE DE PRÓRROGA ATA NOVE MESES, ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL.
00500/2023	MODELOS AEAT 111 E 303 DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023
00501/2023	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00502/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº JOSE MONTERO CACHEIRO (DEFUNCIÓN JOSÉ MONTERO PÉREZ)
00503/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dª LUCIA VILLAR MARTÍNEZ (DEFUNCIÓN VÍCTOR MANUEL VILLAR MARTÍNEZ)
00504/2023	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR DUPLICIDADE NO PAGAMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA 2023/U026/000076
00505/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº JOSE MONTERO CACHEIRO (DEFUNCIÓN MARÍA PURIFICACIÓN CACHEIRO LORENZO)
00506/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dª ERMITAS NEBRIL QUINTIANA (DEFUNCIÓN MANUEL MILLARA RODRÍGUEZ)
00507/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dª ANA MARIA LOSADA LOUREIRO (DEFUNCIÓN VICENTE JULIO ROCA LOUREDA)



00508/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13742/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00509/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13749/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00510/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13854/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00511/2023	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/RA SOCIAL EN SUSTITUCIÓN DE DONA Mª LUISA PÉREZ PIÑÓN
00512/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE VENTÁS NO ESPAZO DESTINADO A LAVANDERÍA DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL
00513/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL
00514/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CEDEIRA
00515/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 1 UD. DESFIBRILADOR CON CABINA PARA O LOCAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RÉGOA
00516/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/48
00517/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL", DA CONSELLERÍA DO MAR-PROCEDEMENTO PE155A
00518/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 12812/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00519/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13717/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00520/2023	APROBACIÓN DO DOCUMENTO DE XESTIÓN PREVENTIVA DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL
00521/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000030021 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00522/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00523/2023	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS PARA XESTIÓN TRIBUTARIA
00524/2023	APROBACIÓN DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO "SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO", PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE
00525/2023	DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DEL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA PARA TRÁMITES ELECTRÓNICOS
00526/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dª MARÍA ROSA GUNDÍN GARCÍA (DEFUNCIÓN ALFREDO VERGAR BELLÓN)
00527/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2023-2807 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
00528/2023	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 522/2023 DE DATA 24.10.2023
00529/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA E GASTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS NON CUBERTOS POLOS SISTEMAS PUBLICOS, EXPTE TEDEC 2023/S009/000033
00530/2023	ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº JORGE RIUDAVETS DÍAZ (DEFUNCIÓN DE ENRIQUE JOSÉ RIUDAVETS DÍAZ)
00531/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL PARA TRAMITAR A PRÓRROGA DE CONCESIÓN DA OCUPACIÓN DE DPMT DAS



	INSTALACIÓNS QUE INTEGRAN A EDAR DE CEDEIRA
00532/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO" DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A
00533/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 12808/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00534/2023	LEVANTAMIENTO DE REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS Nº50
00535/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00536/2023	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 1 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P
00537/2023	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P
00538/2023	NOMINA OUTUBRO 2023
00539/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA NA PISCINA MPAL.
00540/2023	ELECCIÓN SINDICAIS PERSOAL FUNCIONARIO
00541/2023	ALTA DA ASOCIACIÓN CLUB DE BAILE STREET DANCE NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS
00542/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN OBRA E COORDINACIÓN SEG. E SAÚDE DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL O BECO
00543/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA CRISTINA BALLINA GARCÍA E DONA MARIA C. AZEVEDO DA SILVA JAQUEZ COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MÓNICA VIGO VILARIÑO E DONA MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ MARTÍNEZ DE BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
00544/2023	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE EXTENSIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN VIRIZO-PIÑEIRO
00545/2023	SOLICITUD DE LA INCORPORACIÓN DEL CUERPO DE POLICÍA LOCAL DE CEDEIRA AL SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO (SISTEMA VIOGÉN)
00546/2023	XOGOS POPULARES DE CEDEIRA ANO 2023
00547/2023	ADQUISICIÓN DA PARCELA SITA EN RÚA CRÓNICAS (REF. CATASTRAL 5546114NJ7354N0001MW (EXPTE 2020/X999/000239)
00548/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL "O BECO"
00549/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030148 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00550/2023	APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN DA MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023
00551/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLADOR/RA SOCIAL
00552/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16027/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00553/2023	APROB. CONVENIO AGADIC - SEGUNDO SEMESTRE 2023 E CONTRATACIÓN



	ESPECTÁCULOS
00554/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00555/2023	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-52 (TAXAS)
00556/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/51 (GAS NATURAL)
00557/2023	APROBACIÓN DE GASTOS E ORDE DE PAGAMENTO EN CUMPRIMENTO DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE PAGO DE CONSIGNACIÓN DE FIANZA (EXP 2022/P002/000013)
00558/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 15996/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00559/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-53
00560/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030210 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00561/2023	LICENZA NÚM. 202302 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO
00562/2023	LICENZA NÚM. 202303 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO
00563/2023	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN 1 DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00564/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 17.11.2023
00565/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MODIFICACIÓN DA CARTOGRAFÍA DO INVENTARIO DE CAMIÑOS
00566/2023	APROBACIÓN DA CERTIF.4 DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00567/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS, DIRIXIDAS A CONCELLOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA, REPARACIÓN, ADECUACIÓN OU MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE, PARA OS ANOS 2023 E 2024
00568/2023	CAMBIO DE UBICACIÓN DA CELEBRACIÓN DO PLENO EXTRAORDINARIO DE DATA 17.11.2023
00569/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DE 19 DE DECEMBRO DE 2022 PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023
00570/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE OUTUBRO DE 2023
00571/2023	ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA Á REDE GALEGA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE (REGAPS)
00572/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023 PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO
00573/2023	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.: FOPSS/2024
00574/2023	APROBACIÓN DA FACTURA E CERTIFICACIÓN DE OBRA DA SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL
00575/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023 PARA GASTOS DE INVESTIMENTOS
00576/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 15881/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00577/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2024
00578/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2024



00579/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE MARQUESINA NO CENTRO SOCIO-CULTURAL
00580/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2024
00581/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000030276 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00582/2023	SOLICITUDE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE ALEJANDRO PITA GARCIA EXPTE EDIFICACIÓN. 2018/U022/000001 SE SOLICITA UNA COMUNICACIÓN PREVIA DE 1ª OCUPACIÓN: 2023/U052/000003 (EN TRÁMITE)
00583/2023	REHABILITACIÓN E REMODELACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR
00584/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16401/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00585/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16406/2023 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00586/2023	APROBACIÓN DE PAGO HORAS EXTRAORDINARIAS
00587/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 433/2022 DO 10.08.2022, EXPTE TEDEC 2022/S009/000016
00588/2023	GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO A MARIÑA-ORTEGAL. APORTACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2023
00589/2023	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS QUE CORRESPONDEN AOS CONCELLOS PARTICIPANTES 2022-23.
00590/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN POLO INCREMENTO OCASIONAL E IMPREVISIBLE DA ACTIVIDADE
00591/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 176/2023 DO 14.04.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000017
00592/2023	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DON RUBEN CARRILLO VAZQUEZ COMO TRABALLADOR SOCIAL PARA CUBRIR INTERINAMENTE A PRAZA DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO 15022AS-02, QUE ESTABA A OCUPAR DE FORMA TEMPORAL DONA MARÍA LUISA PERÉZ PIÑÓN, EN ESPERA DA RESOLUCIÓN DO INSS SOBRE A INCAPACIDADE PERMANENTE DESTA ÚLTIMA.
00593/2023	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 204/2023 DO 28.04.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000018
00594/2023	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DO 27/11/2023 AO 29/11/2023 POLA AUSENCIA DE Mª YOLANDA ARES BAO
00595/2023	CONTRATACIÓN DE MARIA DOLORES TORRES FRAGUELA COMO LIMPADORA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

O Pleno queda enterado.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, á seguinte moción:

7.1 MOCIÓN DE APOIO AO POBO PALESTINO E DE EXIXENCIA DO FIN DO XENOCIDIO A MANS DO GOBERNO ISRAELÍ

Pola Secretaria dáse lectura á moción do BNG de data 30.11.2023, que di:

“MOCIÓN DE APOIO AO POBO PALESTINO E DE EXIXENCIA DO FIN DO XENOCIDIO A MANS DO GOBERNO ISRAELÍ



Jose Antonio Rodríguez Arribe, Voceiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Cedeira presenta para o seu debate no vindeiro pleno a seguinte moción:

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas estamos a vivir unha nova escalada nun vello conflito. Palestina sofre, desde hai 75 anos, unha brutal ocupación baixo un sistema de apartheid, en que Israel incumpriu reiteradamente as resolucións da ONU. Durante estas décadas, Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino, senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde o 1948) a medio de asentamentos de colonos (declarados ilegais polo Consello de Seguridade da ONU); someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos; asasinou líderes políticos palestinos; encarcerou a milleiros de persoas de xeito extraxudicial; levantou un muro da vergoña; lanzou ataques con milleiros de vítimas mortais e impuxo un brutal bloqueo a Gaza.

A comunidade internacional, sen excepcións, debe condenar enérxica e categoricamente o ataque masivo que o Estado de Israel ordenou contra Gaza e o xenocidio que se está perpetrando contra o pobo palestino. Os bombardeos masivos, os cortes de subministracións básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo de Gaza desde o ano 2007. Máis de dous millóns de persoas que xa vivían confinadas en 365 km² (unha extensión mesmo inferior á do concello de Vilalba) nunhas condicións económicas e sociais deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas. Até este momento, segundo Nacións Unidas, van máis de 18.000 civís asasinados, dato en que se inclúe a arrepianete cifra de máis de 7.000 crianzas mortas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Cedeira propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

- 1. Exixir o embargo de armas e a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.**
- 2. Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.**
- 3. Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.**
- 4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.**
- 5. Exixir ao Goberno español é a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos”**

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rodríguez Arribe di: isto eu creo que despois do que estamos vendo todos estes días, eu creo que non debe haber ninguén que non queira que se pare este xenocidio brutal, que estamos vendo miles de crianzas mortas, con miles de persoas mortas, e cada vez vivindo nun territorio máis ocupado, porque desde que soltou no 48, Inglaterra soltou, deulle o estado de Israel unha porción importante do estado palestino, estamos vivindo permanentemente, o que está ocorrendo agora é unha brutalidade, eu quero lembrarlle o Pleno que está en guerra Ucraia, levamos dous meses sen oír falar da guerra de Ucraia e vendo unicamente escenas brutais de ocupación de Palestina. Esta é unha moción chea de sensibilidade, eu creo que está chea de sensibilidade e que é para votar afirmativamente, polo menos é o que, dende o grupo do BNG, opinamos.



O Sr. Cribreiro García di: nosoutros imos a votar, xa que non tivestes a deferencia con nosoutros de incluír unha moción dun funcionamento dun grupo político, imos a votar que non se inclúa esta moción, independentemente do seu contido.

O Sr. Alcalde di: ¿non argumentas?, o de non incluíla digo.

O Sr. Cribreiro García di: a non inclusión é por ese tema, nós si dicimos non a calquera tipo de guerra, a calquera tipo de guerra, nós dicimos non a utilización de armas duns seres humanos contra outros, sexan e vivan en calquera territorio, sexan palestinos, israelís, ucranianos, angoleños, congoleños, en calquera tipo de país deste mundo, as armas cremos que non se deben de utilizar para matar seres humanos sen máis.

O Sr. Alcalde di: nós pola nosa parte imos votar a favor que se inclúa, estamos de acordo con todos os puntos, estamos de acordo en todo o que estamos a dicir, eu condeno totalmente calquera tipo de terrorismo, sobre todo o terrorismo de Hamás contra Israel que foi o que, non o que iniciou este conflito que ven de moitísimo antes, pero si estas accións, pero creo que a acción, o ataque totalmente desmesurado que está a facer o goberno de Israel sobre Palestina é algo totalmente fóra de lugar, calquera condena, calquera acordo que poidamos ter aquí non chegará nunca a nada ata que paren todo isto que está a acontecer, milleiros de persoas non teñen a culpa de nada, si que esperemos que a Unión Europea dentro de pouco que tamén recoñeza e neste caso España, recoñeza a Palestina como un estado como xa o recoñece algún estado, algún país da Unión Europea. Votamos primeiro a urxencia.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

8. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas o Sr. Cribreiro García di: Unha primeira pregunta sería cal é o criterio urbanístico, se é que existe, ou hai outros motivos, para que a Avenida de España, tan longa, tan longa ela, se divide en dúas. Unhas beirarrúas de 1,20 de ancho diante do Xarmolo Novo e do Galifornia, e enfrente beirarrúas de 1,40. En outro tramo recentemente que está a facer, beirarrúas de 1,80 diante do Xarmolo Vello e o Mesón, e beirarrúas de 1,80 no carga e descarga de Eroski. Divide a Avenida de España en dúas metades, nun tramos hai veciños que lles poñen aparcamento diante das súas casas e noutro ningún veciño pode aparcarse diante da casa, suprimindo un número considerable de aparcadoiros. E neste tramo repito suprimen aparcadoiros e terrazas para os negocios existentes e ademais dificulta a carga e descarga do aparcadoiro do Eroski.

Señor Alcalde, non incluíu vostede na orde do día da sesión a moción que presentamos relativa a disposición dun local, eu recórdolle señor Alcalde que o seu marxe para elaborar a orde do día non é absoluto.

O Sr. Alcalde di: Unha cousiña Julio, nos rogos e preguntas non se pode argumentar, se fai a pregunta, se fai o rogo, eu tentarei cando se conteste, contestar a todo o que sei que queres dicir, non teño ningún problema en que mo digas despois e contéstoche, nos rogos e preguntas se fai a pregunta, se fai o rogo.



O Sr. Cribeiro García di: Vouche facer outra pregunta entón, hai unha resolución da alcaldía que di contrato menor de servizo de redacción de proxecto técnico de mellora da eficiencia enerxética na piscina municipal, e pon, o concello solicitou unha axuda ao abeiro da Orde do 09.02.2023 de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e di, actuación denominada “Substitución de caldeiras de gas por biomasa en piscina municipal de Cedeira”, repito, substitución de caldeiras de gas por biomasa, cremos que a orde de Vicepresidencia no seu punto número dous fala de substitución de caldeiras baseadas en combustibles fósiles por outras alimentadas con enerxías renovables e substitución, renovación ou mellora de cubertas en instalacións dedicadas a actividades deportivas para a mellora da eficiencia enerxética. O Concello de Cedeira cremos que a substitución da caldeira de gas xa non está operativa dende fai 10 anos, o mesmo que o subministro de gas, nosoutros preguntamos incluso a sra. secretaria se alguén que fixo tal solicitude mentiu na petición de mesma, esa é a pregunta.

E un rogo voulle facer, recórdolle que excluír unha proposta sen motivar razoadamente esa exclusión, que dende o noso punto de vista, imos a seguir catro anos, dende o noso punto de vista vostede razo dunha maneira infantil e nós podemos ter dificultades visuais pero vemos que hai locais en Cedeira. Esa proposta sen motivala claramente sitúao a vostede no campo dun concepto xurídico moi perigoso, que é a arbitrariedade, coas consecuencias que se poden derivar dun exercicio arbitrario do poder.

O Sr. Alcalde di: Está facendo un rogo, non pode argumentar. Contestaremos todas por escrito menos a primeira que si que me gustaría contestala. Este proxecto da Avenida de España chámase mellora das beirarrúas na Avenida de España, Rúas Fontenova e outras, sabe cando se aprobou, pregúntolle, non o sabe.

O Sr. Cribeiro García di: Non me deixa responder, porque lle vou ter que contestar.

O Sr. Alcalde di: Sabe, aprobouse no Pleno 28 de xaneiro de 2021, sabe quen votou a favor? por unanimidade.

O Sr. Cribeiro García di: Vemos o proxecto de como ían as beirarrúas, vemos o proxecto, non me fale vostede do pasado.

O Sr. Alcalde di: Por unanimidade, o PP, o BNG e o PSOE, ninguén fixo ningunha intervención sobre o proxecto, o proxecto se entrega ós grupos políticos, se entregan os informes dos técnicos e todo. Aquí estamos dos tres partidos concelleiros que votamos a favor dese, non teño porque nomear a ningún. Despois, home, imos a ver, neste caso Pablo voute citar, creo que como empresario fuches unhas das persoas que ata me dicías de facer a rúa máis ampla, e creo que aquí nunha comisión informativa fai pouco incluso dicías de peonalizar, que eu tamén che dixen que oxalá, e que se non se facía máis grande, primeiro non toda a Avenida de España ten aparcamento a ambos lados, a Avenida de España chega ata o instituto, ata o Universal, entón hai unha parte dende a Pitilleira que só ten aparcamento a un lado, e dixemos que só se ía facer un tramo ata que o Concello cando puidese adquirir, comprar terreos para facer aparcamentos disuasorios que sexan propiedade, non coma os que temos agora que non son propiedade, que igual dentro duns anos pois quítannolos, nese momento seguiremos ampliando beirarrúas, porque as beirarrúas son para as persoas e nosoutros non intentamos prexudicar ningún negocio nin a nada, todo o contrario, creo que canto máis anchas son moito mellor, pero sobre todo sempre o dixen dúas persoas que se crucen nunha cadeira de rodas e que non poidan, que unha delas se teña que baixar da beirarrúa pois non é moi normal e creo que é algo no que traballaremos no seguinte plan de urbanismo, non teño nada máis que dicir, así que boa tarde, bo fin de semana.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Podo facer un rogo eu.



O Sr. Alcalde di: Si

O Sr. Rodríguez Arriba di: A ver se para o vindeiro ano temos a sorte de ampliar un pouco o espazo dos concelleiros aquí, porque eu, que son o máis pequeno, estou incómodo, non sei como estarán os outros, a ver se hai sorte e nos orzamentos, Sr. Alcalde, podemos ampliar o espazo.

O Sr. Alcalde di: Coa forma que ten non, unicamente que o levamos máis cara a alá, teriamos que ir máis adiante ou facelo como unha especie de parlamento.

O Sr. Cribeiro García di: Mesa horizontal.

O Sr. Alcalde di: damos por rematada a sesión

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ